

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA DOUS DE OUTUBRO DE 2007, CON CARÁCTER ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA  
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ  
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE  
D<sup>a</sup>. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO  
D<sup>a</sup>. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ -LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e dez minutos do día dous de outubro de dous mil sete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a trata-los asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día dezoito de setembro do ano que andamos, que logo da corrección que de seguido se indica apróbase por unanimidade dos asistentes:

“No punto 2.3.- Instancia num. 1552/07 de don Manuel Camino Lea, onde di “A Xunta de Goberno, á vista do informe desfavorable dos servizos técnicos municipais, acorda denegar a licenza para a parcelación da leira descrita no proxecto mencionado” debe dicir “A Xunta de Goberno, á vista do informe desfavorable dos servizos técnicos municipais, acorda denegar a licenza para a parcelación da leira descrita no proxecto mencionado, dado que a parcela está cualificada como solo de núcleo rural (N1) e como solo de expansión de núcleo rural (N2) e a zona onde se pretende a parcelación está situada en N2 e o art. 24.3 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e o art. 116 da normativa do PXOM, non permiten segregacións ou divisións de parcelas previas á aprobación do plan especial de protección, rehabilitación e mellora do medio rural”.

## 2º.- Instancias de obras de particulares

### 2.1.- Instancia num. 1.569/07 de don José M. Insua Senín

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Fins de Sales, solicita licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Sales, en solo de expansión de núcleo rural (N2) segundo o PXOM, cunha ocupación máxima inferior ó 30% da parcela neta; num. Plantas B+1. Altura máxima da cornixa menor a 7,00 mts e un coeficiente inferior a 0,30 m2 de superficie edificable baixo teito por cada m2 de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado polo arquitecto don Amancio Losada Vicente cun orzamento de 68.101,73 euros.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

O abastecemento e saneamento resólvese de xeito individual polo que en cumprimento o artigo 172 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, deberán presentar o compromiso de conexión cando se implanten os servizos.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado; en cumprimento do artigo 29 da lei 9/2002, deberá dotar a finca de abastecemento de auga de maneira que se garante a execución deste e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ó seu correcto funcionamento, debendo solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia. Así mesmo deberase colocar un cartel indicador no que se fagan constar os datos dos técnicos directores e contratista; ordenanza que se aplica; destino da construción; data da licenza; prazo de execución das obras; número de plantas autorizadas e número de expediente.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de mil trescentos sesenta e dous euros con tres céntimos (#1.362,03#)

### 2.2.- Escrito num. 1.749/07 de don Manuel Castro Abelleiro

Dáse conta do citado escrito no que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, expón que por escritura pública outorgada ante o Notario de Santiago de Compostela Héctor Ramiro Pardo García ceduselulle ó concello o frente do vial da parcela sita en Castro-Ponte Ulla, en cumprimento do disposto na Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, con motivo da construción de dúas vivendas familiares, descrito na mesma do seguinte xeito "parcela de terreo que se cede ó concello, dunha superficie de 87,07 metros cadrados, que linda: norte, de José de la Torre; sur, Concepción Canedo; leste, estrada antiga Santiago-Ourense e oeste parcela segregada Finca

B e resto de finca matriz finca A., cun valor de cen (#100,00#) euros.", polo que solicita a aceptación da mesma por parte do Concello.

A Xunta de Goberno acorda aceptar a citada cesión

### 2.3.-Corrección erros licenzas de obras

Na acta da sesión da Xunta de Goberno Local celebrada o día vinte e un de agosto do ano que andamos, na instancia num. 1.518/07, de dona Lourdes Pinilla Picallo, onde di "licenza para a rehabilitación da súa vivenda, consistente no cambio de tellado por tella e uralita,..". Debe dicir "licenza para a rehabilitación da súa vivenda, consistente no cambio de tellado por tella e uralita e máis para o revestimento de todas as fachadas..."

### 3º.- Acordo, se procede, sobre ratificación de Resolución da Alcaldía sobre adxudicación de obras pendentes do PCP 2007

Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dezoito de setembro do ano que andamos, que di o seguinte:

"No plan de Cooperación Provincial 2007 incluíronse, entre outras, as obras de *recuperación cuberta escola pública de San Miguel de Sarandón (código 07.3100.0292.0)* e *reparación humidades na planta semisótano da Casa de Cultura de San Miguel de Sarandón e colocación de reixas nas ventás (código 07.3100.0293.0)*.

Aprobado pola Deputación Provincial o PCP 2007, o anuncio de licitación das obras foi publicado no xornal El Correo Gallego do día 27 de xuño de 2007, non presentándose durante o prazo de dez días establecido no mesmo ningunha oferta económica.

Dada a urxencia de levar a cabo as mesmas, e en función das competencias que legalmente me veñen atribuídas pola lexislación vixente, logo de consultas con varias empresas ata conseguir que unha delas aceptase a execución, sen prexuízo da súa ratificación pola Xunta de Goberno Local

#### **RESOLVÍN**

Adxudicar as obras de *recuperación cuberta escola pública de San Miguel de Sarandón (código 07.3100.0292.0)* e *reparación humidades na planta semisótano da Casa de Cultura de San Miguel de Sarandón e colocación de reixas nas ventás (código 07.3100.0293.0)*, á empresa Construcións Canicoba, S.L, con NIF B-15.617.111, e domicilio fiscal en Vilar, 14, San Pedro de Vilanova, no prezo do tipo, é dicir, trinta e un mil trescentos sesenta e un euros con cincuenta e cinco céntimos (#31.361,55#) e trinta e un mil noventa e un euros con corenta e nove céntimos (#31.091,49#) respectivamente."

A Xunta de Goberno acorda ratificar a citada Resolución.

#### 4º.- Facturas Varias

Dáse conta das seguintes facturas:

Quilometraxe do animador deportivo don Juan Manuel Chenlo Fernández dos meses de xullo, agosto e setembro. Importe 146,16 euros

Quilometraxe da Tenente de Alcalde, dona Lucía González Louro, do mes de setembro. Importe 12,60 euros

Xornadas de traballo da Tenente de Alcalde, dona Lucía González Louro, do mes de setembro. Importe 450,00 euros

Xornadas de traballo do Tenente de Alcalde, don José A. Sánchez dos meses de xuño, xullo, agosto e setembro. Importe 495,00 euros

Fondo social da traballadora dona Ana M<sup>a</sup> Aldrey Pereira (odontoloxía). Importe 37,50 euros.

Quilometraxe e asistencias da traballadora dona Ana María Aldrey Pereira por asistencia a curso do Plan concertado no mes de setembro. Importe 122,96 euros.

Quilometraxe da traballadora dona M<sup>a</sup> Montserrat de la Fuente Fernández por varias xestións realizadas no mes de agosto. Importe 31,08 euros.

Gastos de chamadas realizadas co teléfono particular da traballadora dona Cristina Orosa Carpinteiro nos meses de febreiro a abril. Importe 58,91 euros.

Horas extraordinarias da traballadora dona Josefina López Carballo durante o mes de xullo. Importe 163,45 euros.

Fondo social da funcionaria dona María Canedo de la Torre (oftalmoloxía) no mes de setembro. Importe 123,00 euros.

Factura núm. 23/2007 de don José Fermín González Blanco por honorarios correspondentes á asistencia técnica do mes de setembro. Importe 2.436,00 euros.

Recibo 4778 de Decathlon Santiago por roupa de traballo para a Ludoteca no mes de setembro. Importe 117,60 euros.

Factura núm. 0000825 de Puente Ulla, SL por gasóleo para os tractores municipais no mes de agosto. Importe 1.014,00 euros.

Recibo de Genaro Barreiro por limpeza de arquetas en Laraño nos meses de agosto e setembro. Importe 180,00 euros

Recibos varios por compras realizadas no mes de setembro para a ludoteca. Importe 87,05 euros.

Recibo 18702169 de Librería Avenida por recarga de teléfono móbil para a escola de San Miguel. Importe 30,00 euros.

Factura núm. 08012 de Antonio Garrote Garrote, Restaurante O Salvora, por comidas dos participantes na excursión da 3ª Idade a Cedeira, con achegas dos mesmos. Importe 910, 00 euros.

Factura núm. 95 de Mª Luisa Núñez Lois, por compra de cinta no mes de setembro para o inventario. Importe 12,00 euros.

Recibo de Canalsatélite Digital, SL polo servizo de Canal+ na casa da terceira idade no mes de setembro. Importe 29,95 euros.

Recibo de Editorial Compostela pola suscripción ao Correo Gallego no mes de setembro. Importe 33,00 euros.

Factura núm. 37 de Manuel Silva Fernández, por material para as obras da brigada. Importe 105,19 euros.

Factura núm. J98920499 de Jazz Telecom, SAU, JAZZTEL, pola línea de ADSI no mes de agosto. Importe 63,67 euros.

Factura núm. 32940 de U.D.E.S.A. Grupo APYDE, por alumeado público en Caldelas-Ponte Ulla nos meses de xullo e agosto. Importe 119,36 euros.

Factura núm. 01651290 de Dir. de Patrimonio y Urbanismo, ADIF, por alugamento da estación de Renfe de Santa Cruz de Ribadulla no mes de setembro. Importe 357,40 euros.

Recibí de Teresa Nieto García por clases de baile de salóns nos meses de febreiro a xuño impartidas por dous monitores. Importe 900,00 euros.

Factura núm. 703020 de MODURBA, SL por contratación de plantillas de modelos de contratación. Importe 175,00 euros.

Factura núm. IR-2007-001632169 de Comunitel Global, SAU, TELE2, por telefonía durante o mes de agosto. Importe 109,11 euros.



Factura núm. N9994111 de A.C.Medin, SA por reparacións feitas no camión do lixo no mes de agosto. Importe 556,07 euros.

Factura núm. A 654 de de Germán Mallo, SL por rodas para os vehículos municipais. Importe 78,60 euros.

Factura num. D/13 de José María Freiria Suárez do mes de setembro. Importe 3.140,86 euros

Factura num. 35 de Miguel Camino do mes de setembro. Importe 3.419,68 euros

Factura num. 22 de Patricia Deber Muñíos do mes de setembro. Importe 1.283,74 euros

Factura num. 24 de Antonio Gago Iglesias do mes de setembro. Importe 1.283,74 euros

Factura núm. 8453 de La Bata, Ropa y Calzado Profesional, SL por roupa de traballo para ATD no mes de setembro. Importe 192,35 euros.

Factura núm. 1.774/07 de Gráfica de Asturias, SL por compra de material de oficina no mes de setembro. Importe 776,31 euros.

Facturas T 1.089 e C 3.124 de Comercial Veiras, SA por reparacións realizadas no Lamborghini no mes de agosto. Importe 291,14 euros.

Recibo de Ramón Louro Boo por aluguer da escola de Trobe para o curso 2006-07. Importe 120,00 euros.


Recibos de Catalana Occidente polos seguros das escolas unitarias do concello ata o 1.10.2008. Importe 1.185,82 euros.

Factura núm. C070142216 de Correos y Telégrafos, SA por envío mediante franqueo pagado no mes de agosto. Importe 388,44 euros.

Factura num. 297 de Viajes Peillet, S.L por servizo autobús ó centro de saúde no mes de setembro. Importe 963,00 euros

Factura num. 298 de Viajes Peillet, S.L por servizo de autobús coa ludoteca. Importe 738,30 euros

Factura num. 301 de Viajes Peillet, S.L por excursión a Cedeira e San Andrés de Teixido, financiado con achega dos participantes. Importe 813,20 euros



Factura num. 157 de Manuel Abrales Fernández -Canteiras Grandeiro por pedra para obras na brigada de obras. Importe 261,00 euros

Factura num. D/15 de José María Freiría Suárez por limpeza no antigo xulgado no mes de setembro. Importe 104,40 euros

Factura num. D/16 de José María Freiría Suárez por limpeza na Casa de Cultura de San Xián no mes de setembro. Importe 232,00 euros

Factura num. 171-07 de Creaciones J. Martínez- M<sup>a</sup>:. Soledad Alvarez Boo por escudos de cerámica. Importe 406,00 euros

Factura num. M 701.429 de El Correo Gallego por anuncio en Terras de Santiago. Importe 209,38 euros

Factura num. M.701.428 de Editorial Compostela por anuncio-felicitación do concello con motivo do 1º aniversario de Tierras de Santiago. Importe 220,40 euros

Facturas nums. 34 e 35 de José García Pernas por materiais para Feiravedra e servizos sociais-3ª idade. Importe 868,56 euros

Factura num. 709/33 de Alquimao, S.L por montaxe, transporte e alugamento de andamios. Importe 2.175,14 euros

Factura de Café-Bar O Candil por pinchos servidos na casa da 3ª idade con motivo da Reunión de Voluntariado de Persoas Maiores no mes de setembro. Importe 200,00 euros.


Factura núm. 24 de Alimentación y Paquetería REYLA, por garrafas de auga para o CEIP de Ortigueira no mes de maio. Importe 47.50 euros.

Factura núm. 25 de Alimentación y Paquetería REYLA, por garrafas de auga para as unitarias no mes de setembro. Importe 38,00 euros.

Facturas de Telefónica de España, SA por telefonía no mes de agosto. Importe 634,69 euros.

Facturas núm. 823, 820, 822 e 821 de Puente Ulla, SL por gasóleo para a brigada verde, brigada de obras, pc e lixo no mes de agosto. Importe 2.812,67 euros.

Factura núm. 01.2592 de COMUCA, SL, almacenes de materiales de construcción, por compras varias para as obras municipais no mes de agosto. Importe 424,56 euros.



Factura núm. 15865-1 de Abraxas-Aula 25 por compras realizadas para a Ludoteca no mes de setembro. Importe 113,97 euros.

Factura núm. 219/07 de Talleres y Repuestos Barco, SL por arranxos na motoserra no mes de agosto. Importe 54,29 euros.

Factura núm.708/41 de Alquimao, SL por aluguer de materiais para as obras municipais no mes de agosto. Importe 651, 18 euros.

Factura núm. 344/07 de Empresa Seoane, SL por bono bus da 3ª idade no mes de agosto. Importe 351,16 euros.

Factura núm. 195 de Manuel Gamallo y Otro, SC por materiais para as obras realizadas en camiño público no mes de agosto. Importe 243, 25 euros.

Factura núm. 196 de Manuel Gamallo y Otro, SC por materiais para os soportes para os contenedores no mes de agosto. Importe 721,40 euros.

Factura núm. 197 de Manuel Gamallo y Otro, SC por materiais para as obras realizadas na igrexa de Vedra no mes de agosto. Importe 799,15 euros.

Factura núm. 199 de Manuel Gamallo y Otro, SC por materiais para as obras realizadas no muíño de Cubelas no mes de agosto. Importe 199,03 euros.

Factura núm. 700904 de SAPA Contenedores y Servicios, SL por aluguer de 5 contenedores no mes de agosto. Importe 525,05 euros.

Factura núm. A/230 de Manuel Botana Granja, Ferretería Botana, por compras varias realizadas no mes de agosto. Importe 334,82 euros.


Factura núm. 354 de Droguería-Ferretería El Sol, SL por compras realizadas para arranxos na escola de San Miguel. Importe 23,75 euros.

Factura núm. 2007/2784 de SOGAMA polo tratamento de Residuos Sólidos Urbanos no mes de agosto. Importe 9.030, 58 euros.

Factura núm. D9038397 de E.S. ERIFRA, SL por gasóleo para o camión do lixo no mes de maio. Importe 172,00 euros.

Factura núm. D9038422 de E.S. ERIFRA, SL por gasóleo para o camión do lixo no mes de xuño. Importe 367,00 euros.

Factura núm. D9038368 de E.S. ERIFRA, SL por gasóleo para o camión do lixo no mes de abril. Importe 171,00 euros.





Factura núm. N-00003950 de Reciclajes Aragoneses, SL, REASA Gestión Integral de Residuos, por retirada monomaterial Iglu no mes de agosto. Importe 250,35 euros.

Factura núm. 000103 de Ignacio Benedeti Cinema, SL pola parte correspondente ao concello pla XVII Edición Noite de Cine da Deputación da Coruña. Importe 840,00 euros.

Factura núm. P709.862 de Editorial Compostela, SA por anuncio publicado en setembro con motivo das festas de Vedra. Importe 261,00 euros.

Factura núm. 271.123 de Artes Gráficas Litonor por impresión de materiais para o curso de monitores ambientais no mes de setembro. Importe 320,59 euros.

Factura núm. 2007229 de Electricidad Cruceiro, SL por traballos realizados no mes de setembro. Importe 1.879,20 euros.

Factura núm. 2007230 de Electricidade Cruceiro, SL por traballos realizados no mes de setembro. Importe 1.267,88 euros.

Factura núm. 2007231 de Electricidade Cruceiro, SL por traballos realizados no mes de setembro. Importe 1.339,80 euros.

Factura núm. 2007233 de Electricidade Cruceiro, SL por traballos realizados no mes de setembro. Importe 835,44 euros.

Factura núm. 2007232 de Electricidade Cruceiro, SL por traballos realizados no mes de setembro. Importe 2.834,43 euros.

Factura núm. P 710.074 de Editorial Compostela, SA por anuncio publicado no mes de setembro con motivo das festas do Patio. Importe 261,00 euros.

Facturas núm. 7/496, 7/502, 7/501, 7/500, 7/499 e 7/498 de MAPOCA, SL por materiais de construción para as obras muíño en Ribeira, oficina PC, soportes de contenedores, fonte en Bazar, Igrexa de Vedra e Casa da 3ª idade no mes agosto. Importe 1.413,58 euros.

Factura núm. 000134 de Pereira y Sánchez, SL por soportes para os contenedores e pasamáns do concello no mes de setembro. Importe 8.178,39 euros.

Factura núm. P07/19785 de La Voz de Galicia, SL por tres anuncios para expedientes de actividades no mes de agosto. Importe 375,84 euros.

Factura núm. 73/07 de CEIDA, centro de extensión universitaria e divulgación ambiental de Galicia, polo curso de educación ambiental para formación de monitores no mes de setembro. Importe 4.500,00 euros.

Facturas núm. 124, 125 e 126 de José Manuel Segade Martínez por traballos realizados na piscina, gardería municipal, concell, ludoteca e tellado caseta do cemiterio de Vedra no mes de agosto. Importe 4.995,80 euros.

Facturas núm. 127 e 128 de José Manuel Segade Martínez por traballos realizados no polideportivo de Santa Cruz, escolas de San Xián e San Fins no mes de setembro. Importe 311,81 euros.

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas.

#### **5º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía**

5.1.- Dáse conta de Resolución da Alcaldía de data trinta de agosto do ano que andamos, pola que se lle autoriza a Asociación Cultural, Recreativa e Festiva O Patio a cortar o tráfico en pistas municipais que rodea o campo da festa en Santa Cruz os días 15,16 e 17 de setembro con motivo das festas do Patio.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.2.- Dáse conta de Resolución da Alcaldía de data trece de setembro do ano que andamos, pola que se lle autoriza Asociación Cultural, Recreativa e Festiva O Patio o disparo de fogos de artificio os días 15, 16 e 17 de setembro con motivo das festas do Patio.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.3.- Dáse conta de Resolucións da Alcaldía de data catorce de setembro do ano que andamos, pola que se orde a prórroga dos contratos de traballo de Silvia Couto Rendo e Montserrat de la Fuente Fernández.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.4.- Dáse conta de Resolucións da Alcaldía de data dezoito de setembro do ano que andamos, pola que se aproban as bases para a contratación de persoal concedido pola Delegación Provincial da Consellería de Traballo: 3 oficiais de terceira albaneis; 3 oficiais de segunda albaneis e 2 oficiais de segunda carpinteiro; 1 axente de igualdade e 1 auxiliar de axuda no fogar

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.5.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte de setembro do ano que andamos, pola que se aproba o orzamento presentado por don Manuel Anxo Felpeto Gómez para os traballos de control arqueolóxico e sondaxes valorativas no centro de interpretación parroquial de Vedra, por importe de dous mil catrocentos tres euros con cincuenta e dous céntimos (#2.403,52#).

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.6.- Dáse conta de Resolucións da Alcaldía de data vinte e un de setembro do ano que andamos, pola que se designan os compoñentes da Mesa de Contratación para a selección das prazas concedidas pola Consellería de Traballo.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.7.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e seis de setembro do ano que andamos, pola que se acepta o material informático concedido pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para a realización de actividades do portal dos concellos EidoLocal.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.8.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e sete de setembro do ano que andamos, pola que se aproba a factura 20070853 de Ricarsat, S.L por importe de dous mil (#2.000,00#) euros por material para a emisora de radio municipal, subvencionado pola Secretaría Xeral de Comunicación, ó abeiro da Resolución do 05.07.2007.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.9.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e oito de setembro do ano que andamos, pola que se fixa provisionalmente o prezo do curso de iniciación á informática en cincuenta (#50,00#) euros

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.10.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e oito de setembro do ano que andamos, pola que se inclúen os menores José Rey Rosende e Pedro Otero Caneda nas listas de espera para a gardería municipal de Vedra

A Xunta de Goberno dáse por enterada

## **6º.- Outros Asuntos**

6.1.- Solicitudes de atención domiciliaria

6.1.a.- Escrito num. 1.757/07 de dona Carmen Ferreira Fernández

Dáse conta do citado escrito no que a interesada, con domicilio en Sobredo -Vilanova, solicita atención domiciliaria en concepto de atencións domésticas, persoais, complementarias, teleasistencia e voluntariado.

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda

1º.- Concederlle a atención solicitada de luns a venres: 7,5 horas/semana, así como a teleasistencia e compañía a través do Programa de Voluntariado

2º.- Aprobar unha achega da usuaria de 0,84 euros/hora

6.1.b.- Escrito num. 1.758/07 de dona Concepción Quinteiro Núñez

Dáse conta do citado escrito no que a interesada, con domicilio en Caldelas-Ponte Ulla, solicita atención domiciliaria en concepto de atencións domésticas, persoais, e complementarias.

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda

1º.- Concederlle a atención solicitada de luns a venres: 7,30 horas/semana.

2º.- Aprobar unha achega da usuaria de 1,25 euros/hora

6.1.c.- Escrito num. 1.759/07 de dona Carmen Souto Rey

Dáse conta do citado escrito no que a interesada, con domicilio en Francés -Vilanova, solicita atención domiciliaria en concepto de atencións domésticas, persoais, complementarias e teleasistencia .

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda

1º.- Concederlle a atención solicitada 3 días/semana durante 1 hora/día, así como a teleasistencia e compañía a través do Programa de Voluntariado

2º.- Aprobar unha achega da usuaria de 2,51 euros/hora

6.1.d.- Escrito num. 1.760/07 de dona Nieves Villar Albela

Dáse conta do citado escrito no que a interesada, con domicilio en Sarandón

-San Miguel de Sarandón, solicita atención domiciliaria en concepto de teleasistencia .

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda concederlle a atención solicitada de xeito gratuito a través do convenio Deputación e Xunta.

6.2.- Solicitud num. 1.761/07 de axuda para situacións de emerxencia

Dáse conta do citado escrito no que dona María García Turnes, con domicilio en Pousada de Arriba-Vedra, solicita axuda para a mellora e adaptación da vivenda

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda aprobar unha achega municipal por importe de cinco mil trescentos dezanove euros con dezanove céntimos (#5.319,19#).

6.3.- Escrito num. 1.658/07 da Asociación para a Dinamización e Promoción de Vedra

Dáse conta do citado escrito no que a Asociación para a Dinamización e Promoción de Vedra Casa dos Peóns, expón que a asociación colaborou co programa de actividades da terceira idade a través da actuación da tuna de veteranos da Coruña o pasado 10 de xuño no centro da terceira idade de Vedra, polo que solicita a colaboración do concello mediante a aportación de 240,00 euros.

A Xunta de Goberno acorda acceder ó solicitado

6.4.- Bases para a contratación e prestación dos servizos de consultoría e asistencia xurídica

Dáse conta do prego de cláusulas económico-administrativas e de prescripcóns técnicas para a contratación e prestación dos servizos de consultoría e asistencia xurídica ó Concello de Vedra.

A Xunta de Goberno acorda aprobar o citado prego.

Conclúe ó fio das vinte e dúas horas e corenta e cinco minutos

v

